

UN CIELO IMPASIBLE

David Varela, 2021

1060

ESTREA EN NUMAX: 26.01.2023 | V.O. | +7 | 81 min

Zona oeste de Madrid. Lugar onde aconteceu unha das batallas máis cruentas e mortíferas da Guerra Civil Española. Un grupo de adolescentes investiga, recita e debate sobre os testemuños dos soldados que loitaron durante eses terribles días e fan súas as vivencias dos veteranos e dos mortos. Mentres, a película muda, adáptase e vaise construíndo a través da súa mirada: a dunha nova xeración que se abre ao diálogo e revisa criticamente a escola e a memoria histórica dun país en permanente polarización.

«Sen tensións nin artificios,
consegue reivindicar a memoria
histórica de España»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Entrevista con David Varela: «Non se curaron as feridas, non se cauterizaron, tapáronse e infectáronse»

Por Alfonso Rivera

Como seleccionaches os rapaces que interveñen no teu filme? Foi un casting especial, por iso non se pode considerar como tal. Tratouse dunha serie de conversacións, primeiro cos pais que eu coñecía da vila madrileña onde vivo: non quería chegar aos rapaces a través da escola, pois non desexaba entrar dentro dese estamento, senón que fora algo máis libre, menos forzado, e fun preguntándolles, ata que me deron nomes de varios e todo foi normalizado. Quedamos para tomar algo e falles formulando pouco a pouco o proceso. De 7 ou 8 que empezaron, quedaron cinco que determinaron que podían dedicarlle tempo ao proxecto, pois facía falta continuidade e compromiso. Deses cinco, un caeu por razóns persoais, e quedámonos cos catro protagonistas que temos actualmente na longametraxe.

Son rapaces espertos e curiosos: imaxe afastada da que temos habitualmente desa idade tan convulsa Si, son xente con interese e ganas de aprender, cunha formación que non é a media. O sistema escolar está bastante empobrecido a nivel de ensinar a Historia e de repensar o noso pasado.

Precisamente a memoria histórica e a crítica á educación son dous dos temas que conflúen harmoniosamente no teu filme. É algo que sae á luz no filme: sabiamos desa problemática das aulas e queriamos que fosen os mozos de maneira directa quen o manifestase, baseándose nas súas experiencias; quéixanse abertamente de que non lles deron as ferramentas para asimilar o paso e facer unha análise crítica.

Todo ese material documental –casetes, pezas, documentos, probas...– que aparece no filme: como chegou a ti? De maneira paulatina: o filme foise construíndo a base de pequenos avances, con paradas para repensar e volver a gravar, volver a pensar o guión... Iso permíteo o cinema documental: facer un estudo ao mesmo tempo que gravas, parar a rodaxe para comezar a montar, e dependendo do que montes e das necesidades de edición, podes volver facer investigación, que te leva a unha nova rodaxe, etc. Esta foi a idea do proxecto e funcionounos ben. Os dous expertos en Historia Militar que aparecen no filme introduciron preguntas arredor de como miramos e analizamos o pasado, para que despois os propios rapaces cambiaran a súa forma de entender a guerra: desde que punto pensala, desde unha neutralidade ou cunha carga emocional, ideolóxica e política na análise de algo tan traumático que aínda está vixente, pois non se curaron as feridas, non se cauterizaron, tapáronse e infectáronse. Habería que ter feito ese traballo curador durante a transición. .

Hai quen opina que remover o pasado fai dano... Eu poría exemplos de países que sufriron réximes totalitarios e fixeron os seus deberes, como Alemaña. Italia, Francia, Arxentina, Chile ou Ruanda. España é un país que non aprende, pois estes países están máis equilibrados e a polarización a nivel político neles non é tan alta: aquí estamos enfermos ideoloxicamente e todo se enfronta politicamente porque non temos a capacidade para facer unha análise que non pase pola criba da ideoloxía; iso sucede porque soubemos entender que tiñamos que pensar dunha maneira autocrítica todo o sucedido, poñendo a cada un no seu lugar e resarcindo a quen sufriu, sacando á xente enterrada nas cunetas e dándolles unha sepultura digna.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Seique,
Susana Sánchez Aríns,
Através, 2015

*El triunfo de la
democracia en España,*
Paul Preston.
Debolsillo, 2020

El silencio de otros,
Robert Bahar e
Almudena Carracedo,
Karma [DVD]